

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005245	IES Monelos	A Coruña	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

1. Introducción

A materia de Lingua Galega en primeiro de bacharelato continúa o trazado establecido na etapa anterior; aínda que presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos que se abordan en primeiro de bacharelato non son significativamente diferentes aos de curso de terceiro da ESO senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados; pero coa singularidade de que no bacharelato, o desenvolvemento das competencias do alumnado requirirá unha maior atención á diferente produción, recepción e interacción oral e escrita.

Os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística. É de vital importancia que neste momento o alumnado repare na realidade lingüística de Galicia, así como no lugar que ocupa o noso idioma no contexto peninsular co propósito de que desenvolva unha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura «Antre dous séculos». E o cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional.

Todas as áreas de Linguas teñen como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado. As alumnas e alumnos, ao terminaren os seus estudos, deben ser capaces de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional; deben ser capaces, así mesmo, de comprender e producir correctamente todo tipo de mensaxes orais e escritas, tendo en conta a adecuación ao contexto no que ten lugar a comunicación.

Agora ben, esta materia ten que orientarse tanto á aprendizaxe instrumental do idioma como á comprensión da realidade lingüística de Galicia, co obxecto de desenvolver no alumnado, ademais do uso correcto da lingua, unha actitude de aprecio e de sensibilidade cara á mesma e a súa aceptación social. A situación urbana do Centro conleva un uso oral case nulo do galego na ESO e no Bacharelato. A grande maioría do noso alumnado é castelanfalante.

É conveniente asumir a bagaxe lingüística do alumnado como punto de partida desde o que suxerir e achegar modelos normativos que amplíen as súas capacidades de comunicación. Non obstante este punto de partida non é alleo á análise e á comprensión do medio sociolingüístico no que vive o alumnado nin aos factores (socioeconómicos, culturais etc.) que interveñen nel. Polo tanto, partindo das aprendizaxes adquiridas na Educación secundaria, aquí e agora debemos favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación e de representación, pero tamén a conciencia crítica sobre a situación do idioma e a súa permanencia histórica, para eliminar posíbeis prexuízos lingüísticos.

Consideramos que todas as áreas lingüísticas que buscan o desenvolvemento e a mellora da capacidade de comprensión e expresión deberían participar dun marco de referencia común e duns criterios didácticos coherentes, respectando a especificidade de cada unha delas. Por ese motivo, preténdese acadar unha coordinación interdepartamental e intra-departamental, sen esquecermos o importante labor do Equipo de Dinamización Lingüística. Desgrazadamente, obsérvase no noso alumnado un dominio da expresión escrita cada vez máis similar ao do castelán pero un uso case nulo do galego oral.

Primeiro de bacharelato neste instituto é un curso que reúne alumnado de diversa procedencia. A maioría vén do IES Otero Pedrayo, centro adscrito, e minoritariamente do ensino concertado.

É prioridade, por ese motivo, procurar a integración destas alumnas e alumnos. Con esta finalidade, procuraremos realizar actividades complementarias e extraescolares, como pode verse no apartado correspondente.

Tamén os proxectos van encamiñados, ademais das cuestións puramente académicas, a buscar a cohesión de cada grupo. En función da dinámica do grupo e da avaliación poderán realizarse proxectos ou exposicións relacionados

coa materia vista.

Nos grupos que haxa proxectos, na primeira avaliación realizaranse debates, cos seguintes obxectivos: favorecer o uso oral da lingua (anécdótico entre o alumnado), traballar a fluidez comunicativa ligada á oratoria e fomentar a tolerancia e o traballo en equipo. O tema será Un mundo de linguas. Unha lingua para o mundo, relacionado co tema 2 do libro de texto. Mesmos obxectivos que se contemplan no caso de que se realicen exposicións, o mesmo ocorre co tema tratado, será: Un mundo de linguas. Unha lingua para o mundo.

Na segunda avaliación o alumnado elaborará un cancionero ao xeito medieval. Na primeira fase escribirán de forma individual, cal trobadores, cantigas de amigos, de amor ou de burlas. A continuación transcribirán os textos, imitando os copistas e por último farán as ilustracións tanto das letras capitais como da portada. O resultado será o traballo colectivo das distintas partes.

De realizaren exposición oral (neste segundo trimestre contemplarase a realización en grupo), elixirán un tema de varios datos, tema elacionado cos seus intereses e o nivel de estudo no que se encontran.

Na terceira avaliación o alumnado realizará por parellas unha presentación na que expoñan a súa antoloxía poética de calquera dos autores do Rexurdimento pleno: Rosalía, Curros e Pondal.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Educación literaria: Lírica profana amorosa Reflexión sobre a lingua As linguas e os seus falantes Comunicación	Linguas de substrato e superestrato. Palabras populares, cultas e semicultas. Elementos de composición do latín e do grego. Campo semántico. Familias léxicas irregulares. A diversidade lingüística. Conflito e diglosia. Linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas. A lusofonía. O verbo. Formas non persoais. Perífrases verbais. Introdución xeral á literatura galega. A lingua na Idade Media. A poesía medieval: cuestións xerais. A lírica profana: A cantiga de amigo e a cantiga de amor.	33	39	X		
2	Educación literaria: Lírica profana de burlas, relixiosa e Séculos Escuros. Reflexión sobre a lingua As linguas e os seus falantes Comunicación	O nome: O substantivo. O adxectivo. Os pronomes persoais, relativos, interrogativos e exclamativos. Palabras adnominais: artigo, demostrativo, posesivo, identificadores, ordinais e cuantificadores. Cantigas de burlas. Xéneros menores. Cantigas de Santa María. A prosa medieval.	33	33		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Educación literaria: Lírica profana de burlas, relixiosa e Séculos Escuros. Reflexión sobre a lingua As linguas e os seus falantes Comunicación	O galego nos Séculos Escuros. A ilustración. A literatura galega nos Séculos Escuros, na Ilustración e no Pre-Rexurdimento. O galego nos Séculos Escuros.	33	33		X	
3	Educación literaria: O Rexurdimento Reflexión sobre a lingua As linguas e os seus falantes Comunicación	Adverbios, preposicións e conxuncións. Desviacións da norma. Fraseoloxía. A lingua galega no Rexurdimento. Os precursores. O Rexurdimento pleno. Rosalía de Castro. A escola rosaliana. O Rexurdimento pleno. Eduardo Pondal. A escola pondaliana. O Rexurdimento pleno. Manuel Curros Enríquez. A escola poética de Curros. O Rexurdimento pleno. A prosa e o teatro.	34	33			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Educación literaria: Lírica profana amorosa Reflexión sobre a lingua As linguas e os seus falantes Comunicación	39

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comenta correctamente textos académicos e dos medios de comunicación.	PE	86
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Mostra espírito crítico ante textos complexos e selecciona adecuadamente as canles a utilizar.		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores, de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Planifica e elabora textos académicos adecuadamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Sabe como enriquecer os textos con diversos procedementos.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comenta correctamente textos académicos e dos medios de comunicación.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Sabe avaliar e valora a forma e contido de textos complexos.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le obras da literatura clásica de forma autónoma.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e utiliza xuízos de valor á hora de interpretar as obras lidas.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos literarios en distintos soportes.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e mellora os propios textos,.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e mellora os seus propios textos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece e valora a variedade lingüística		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Comenta de maneira crítica a diversidade lingüística.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Desterra os usos discriminatorios da lingua a partir da análise dos elementos lingüísticos		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Xestiona adecuadamente os diferentes conflitos que se presentan.	TI	14
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Recoñece as diferentes partes de textos multimodais escritos ou orais.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Selecciona adecuadamente as canles a utilizar.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza correctamente exposicións e argumentacións orais formais.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Traballa adecuadamente en equipo.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Sabe elaborar traballos de investigación sobre temas culturais curriculares.		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Sabe discernir a información veraz, especialmente nas redes sociais.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparte co grupo a súa interpretación persoal de lecturas realizadas.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega -e tamén da lusófona- obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Sabe realizar exposicións orais sobre clásicos da nosa literatura, despois dunha investigación previa.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Presenta proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención a éuscaro e ao catalá), contrastándooas en manifestacións orais, escritas e multimodais.

Contidos

- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.
- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sustentabilidade lingüística.
- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

Contidos

- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	Educación literaria: Lírica profana de burlas, relixiosa e Séculos Escuros. Reflexión sobre a lingua As linguas e os seus falantes Comunicación	33

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comenta correctamente textos escritos académicos e dos medios de comunicación.	PE	83
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Avalía de forma crítica textos complexos, a canle utilizada e os procedementos comunicativos empregados.		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores, de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Redacta textos académicos de forma correcta, despois dunha planificación previa.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para o enriquecemento da súa produción textual.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comenta textos escritos e multimodais académicos e dos medios de comunicación.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Avalía textos complexos, a canle e os procedementos comunicativos utilizados.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le e explica obras da literatura clásica con criterio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Comentario das obras lidas, poñéndoas en relación co seu contexto sociohistórico.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Argumenta a forma de mellorar os seus propios textos.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Argumenta a forma de mellorar os seus propios textos.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica a interrelación entre o propósito comunicativo , as eleccións lingüísticas do emisor e os seus efectos no receptor.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Presenta pequenos proxectos de investigación sobre aspectos de funcionamento da lingua.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Usa técnicas de resolución de conflitos tanto no ámbito educativo como persoal.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comenta textos orais e multimodais complexos de diferentes ámbitos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Avalía textos orais e multimodais complexos e a fiabilidade da canle e procedementos comunicativos utilizados.	TI	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza correctamente exposicións orais formais planificadas.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de forma adecuadas en interaccións orais colectivas.		
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Realiza traballos de investigación en diferentes soportes sobre temas culturais curriculares.		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Discrimina informacións de diversos contornos dixitais.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Interpreta e comparte as as l		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega -e tamén da lusófona- obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Realiza presentacións orais sobre temas de literatura clásica, previo traballo de investigación.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Elabora textos literarios en distintos soportes a partir de lecturas realizadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.
- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.

Contidos

- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	Educación literaria: O Rexurdimento Reflexión sobre a lingua As linguas e os seus falantes Comunicación	33

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comenta correctamente textos académicos e dos medios de comunicación.		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora de forma crítica textos complexos.		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores, de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Redacta textos académicos de forma correcta, previa unha planificación dada.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para o enriquecemento da súa produción textual.		
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Realiza traballos de investigación sobre temas culturais curriculares.	PE	91
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Analiza textos escritos académicos e dos medios de comunicación.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Avalía textos complexos e a fiabilidade da canle utilizada.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le e comenta obras da literatura clásica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica a súa interpretación das obras lidas, situándoas no seu contexto sociohistórico.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e mellora os seus propios textos.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Explica os cambios realizados para mellorar os seus textos.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprende textos orais e multimodais complexos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora correctamente textos orais e multimodais complexos.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza correctamente exposicións orais formais planificadas.	TI	9
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Sabe traballar en equipo en actividades de tipo oral.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Selecciona as informacións veraces en diversas contornas dixitais.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparte de forma adecuada e enriquecedora as súas lecturas.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega -e tamén da lusófona- obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Realiza exposicións orais de diversa índole sobre clásicos da nosa literatura.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos literarios a partir de lecturas realizadas.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Realiza e presenta traballos de investigación sobre aspectos importantes do funcionamento da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.

Contidos

- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega -e tamén do ámbito lusófono- que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.

Contidos

- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asignificativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse.

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega do alumnado e lograr, asemade, que desterre preconceitos e reticencias cara a ela aínda existentes no seo da sociedade, para adoptar actitudes e prácticas de compromiso coa súa normalización. Ao mesmo tempo, trátase de ofrecerlle un coñecemento rigoroso sobre as orixes da lingua, sobre as problemáticas que acompañaron o seu desenvolvemento nas diversas épocas históricas e sobre as creacións literarias das que foi matriz.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do

profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado; en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

- A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

- O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

- Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

- O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

- A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes.

- Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

- A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, igualdade de xénero, conciencia ambiental, benestar animal...).

- A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais) para que, unha vez rematado o bacharelato, xa alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego. Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

- O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

- O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

A metodoloxía didáctica en Bacharelato debe fomentar a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de

cada unha.

Criterios metodolóxicos

Teremos presentes os seguintes criterios metodolóxicos:

Adecuación das actividades á madureza do alumnado nesta etapa educativa.

Diversidade de propostas e actividades que responden aos modos diferentes de aprendizaxes.

Integración do aprendido a través da interdisciplinariedade.

Desenvolvemento das capacidades cognitivas do alumnado.

Organización e precisión en contidos teóricos e actividades prácticas.

Aprendizaxe autónoma dos estudantes.

Secuenciación pautada da aprendizaxe práctica.

Participación activa do alumnado na aprendizaxe individual e en grupo.

Fomento do interese pola aprendizaxe. Uso funcional da lingua.

Estratexias e actividades didácticas.

Entre as estratexias didácticas que consideramos fundamentais encóntranse:

A lectura.

A detección de ideas previas.

As explicacións sobre os contidos.

As aplicacións prácticas dos saberes e as habilidades.

A aplicación de técnicas de estudo.

A análise e a reflexión sobre conceptos, textos ou ideas complexas.

A investigación lingüística e literaria.

A construción de ideas novas e xuízos críticos.

Para levalas a cabo, utilizaranse actividades de diversos tipos que responden a diferentes enfoques, formas de aprendizaxe e niveis de complexidade, individuais ou de grupo, asociadas ou non a técnicas determinadas e en función dos campos traballados da lingua e a literatura: actividades de identificación, de relación, de clasificación, de organización, de estruturación, de síntese, de análise indutiva e dedutiva, de lectura, de comentario, de escritura, de chuvia de ideas, de diálogo e debate, de reflexión, de contextualización, de busca de información, de investigación, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Libro de texto: Lingua galega e literatura, Baía edicións

Libros de lectura: Antía Yáñez, Senlleiras, editorial Galaxia (1 avaliación), AA.VV, Antoloxía do conto galego do século XX, editorial Galaxia (2 avaliación) e Marilar Aleixandre, As malas mulleres, editorial Galaxia (3 avaliación)

Outros materiais resaltados son todos aqueles que nos poida proporcionar internet, peza fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. A seguir nomeamos algúns deles coa clara conciencia de que nos faltan moitísimos, non todos son utilizados todos os cursos, e que se utilizan outros que probablemente non aparezan aquí reseñados.

LITERATURA:

Coñecemento e acceso a webs que presentan corpus completos ou parciais de autores de literatura galega:

Biblioteca Virtual Galega: <http://bvg.udc.es/>

Biblioteca virtual da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org>

Literatura Galega: <http://www.culturagalega.org/lg3/>

Asociación de escritores en lingua galega: <http://www.aelg.org/>

Libros Google: <http://books.google.es/>

Galegos Espallados: <http://www.galespa.com.ar/>

Estudo de autores e movementos literarios a partir de páxinas específicas e monográficas:

Consulta de información sobre a vida, obra, textos, foros de debate, etc.:

Fundación Otero Pedrayo: <http://www.arrakis.es/~trasalba/default.htm>

Fundación Vicente Risco: <http://www.fundacionvicenterisco.com/>

Museo Castelao: <http://www.museocastelao.org/>

Fundación Luís Seoane: <http://luisseoane.org/>

Fundación Neira Vilas: <http://www.fundacionxoseneiravilas.com/>

Obra de Celso Emilio Ferreiro: <http://www.ctv.es/USERS/luz/LNP>

Web de Manuel María: <http://www.manuelmaria.com/>

Web de Uxío Novoneyra: <http://www.uxionovoneyra.com/>

Web de Bernardino Graña: <http://www.bernardinograña.org/>

Batallón literario: <http://www.finisterrae.com/batallon/>

Web de Yolanda Castaño: <http://www.yolandacastano.com/>

Visionado de vídeos de carácter didáctico sobre diversos autores: Castelao, Otero Pedrayo, Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro, Lorenzo Varela...)

Visionado en <http://es.youtube.com> de fragmentos de actuacións, entrevistas... de actualidade relacionadas coa literatura galega (Méndez Ferrín, Reixa e Os resentidos, Manuel Rivas, Suso de Toro...)

Audición de materiais musicais ou sonoros sobre temática literaria obtidos de páxinas web: contos de Casares, Castelao, Neira Vilas... no arquivo sonoro de <http://www.culturagalega.org>; de Cabanillas, de Celso Emilio Ferreiro, de Manuel

María... en <http://www.ghastaspista.com>, Uxío Novoneyra en

<http://www.diadasletras-2010.com>; entrevistas e tertulias (Casares no arquivo sonoro de <http://www.culturagalega.org>), sondepoetas.blogspot.com

LINGUA:

Coñecemento e utilización de recursos lingüísticos en internet: dicionarios, correctores, tradutores, léxicos específicos (aos que podemos acceder facilmente en <http://www.edu.xunta.es/portal/contenido/Recursos>).

Morfoloxía: Exercicios interactivos de gramática, léxico e comprensión de Serafín Álvarez; información e algunhas actividades en papel na web Cousas de galego. Exercicios interactivos con pronomes. Exercicios interactivos sobre o infinitivo conjugado. Actividades de léxico para localizar a palabra definida e Actividades de léxico sobre mamíferos na páxina do Correlingua, Dúas propostas creativas para traballar a sintaxe de Luciano Fernández. Presentación en diapositivas sobre abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos elaborada por Román Landín para 4º de ESO, xogos de lingua O preguntoiro e O aforcado, no portal de contidos da Xunta.

Lingua oral: Dúas presentacións sobre variedades dialectais: unha sobre bloques e áreas e outra con mapas, de Noemí Pazó; Información sobre fonética na web Cousas de galego; Información sobre dialectoloxía na web Cousas de galego, Webquest sobre dialectoloxía para 1º de Bach., realizada por Xoán Costa; Mapas dialectais do ILG A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego: audiolibro editado por Fernández Rei e Carme Hermida. para escoitar en liña ou descargar en formato mp3.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

De haber unha proba, poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc. e constará das seguintes partes:

- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto de contidos diversos.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre diferentes aspectos académicos ou persoais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	86	83	91	87
Táboa de indicadores	14	17	9	13

Criterios de cualificación:

As cualificacións de cada avaliación atenderán ao seguinte baremo:

O 70% corresponderalle á materia de lingua: probas escritas e/ou orais, exposicións, comentarios, proxectos, debate, participación na aula... (de calquera destas probas poderanse realizar gravacións de audio) e o 20% á materia de literatura: probas escritas, e/ou orais, exposicións, comentarios de texto, participación na aula... (de calquera destas probas poderanse realizar gravacións de audio). Para optar ao aprobado haberá que acadar o 40% en cada proba realizada.

O 10% restante conséguese co exame do libro de lectura.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Tendo en conta que a avaliación da materia é continua, o alumnado terá que dar conta de todos os contidos traballados até o momento do exame e demostrar o coñecemento dos mesmos. Para iso, en cada proba poderanse incorporar cuestións sobre a materia traballada até ese momento.

Copiar nalgunha das probas supón unha cualificación de 0 puntos na mesma.

As faltas de ortografía e a presentación restarán até 2 puntos sobre a nota obtida nas distintas probas escritas. Unha redacción deficiente (uso incorrecto dos mecanismos de coherencia e cohesión) pode anular calquera resposta, independentemente do seu contido.

Os erros poderán ser:

Moi graves: aquelas solucións que son alleas ao sistema lingüístico galego (tempos compostos, errónea colocación do pronome átono...). Descontaranse 0,2 puntos por cada unha.

Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y/i/x,...). erros na acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos por erro.

Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente. A acentuación non diacrítica penalizarase con 0,05 puntos.

A nota para aprobar cada trimestre será un 5.

A nota final ordinaria de xuño acharase facendo a media das tres avaliacións (sobre a nota real, non sobre a ponderada). Para superar a materia a nota media, como mínimo, será de 5.

Criterios de recuperación:

Avaliación ordinaria

Aínda que non hai recuperación da parte de Lingua (estes contidos son de asimilación progresiva), poderá habela das diferentes etapas literarias.

Avaliación extraordinaria:

Este exame avaliarase só cunha proba escrita na que se recollan os contidos de lingua e literatura vistos. A cualificación desta proba non será superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

1. LITERATURA: O alumnado entregará un traballo para o cal se lle darán as pautas precisas. A data de entrega será antes das vacacións de Nadal. Esta parte recollerá o 30% da nota final.
2. Realizará un exame da parte de gramática no mes de xaneiro. Para preparar a materia o profesorado daralle o apoio e as indicacións precisas. Esta parte suporá o 70% da nota final.
3. En caso de suspender a materia deste xeito, terá que presentarse a un exame final da materia que se realizará a inicios da 3ª avaliación de 2ºBAC.
4. O alumnado que aprobe en maio a materia de Lingua galega e literatura II de 2ºBAC aprobará a materia pendente, sempre que se teña presentado a todos os exames propostos para a materia pendente.
5. Se depois de todo o indicado nos puntos anteriores o alumnado segue tendo a materia suspensa, poderá presentarse ao exame extraordinario de Lingua galega e literatura I do mes de maio.
6. De non superar o exame extraordinario de Lingua galega e literatura I, o alumnado, de ter que repetir curso, levaría esa materia pendente.

Data para a entrega do traballo de literatura: 20 de decembro.

Data do exame de xaneiro: martes 21 ás 18:00 (de haber pouco alumnado coordinarase a data con ese alumnado)

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Os instrumentos para realizar esta avaliación serán os seguintes:

Autorreflexión do profesorado sobre a súa práctica docente.

Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación.

Análise dos resultados académicos.

Reunións de departamento, equipo docente e CCP.

Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Materia pendente en ESO.

Procedementos e instrumentos para avaliar o proceso de aprendizaxe da materia pendente.

Observación sistemática do alumno ou alumna e o seu rexistro persoal.

Análise das producións dos alumnos e alumnas: resumos, traballos de aplicación e síntese, caderno, textos escritos, producións orais..., etc.

Intercambios orais co alumnado: diálogos, entrevistas, postas en común, asembleas.

Probas específicas: obxectivas, abertas, exposición dun tema, resolución de exercicios.

Avaliación do plan de traballo.

Alguns aspectos aos que se atenderá son:

Coordinación do grupo de alumnado coa materia pendente.

Planificación das tarefas: dotación de medios e tempos e distribución dos mesmos.

Selección do xeito de elaboración de actividades.

Ambiente de traballo na coordinación e participación do alumnado.

Os Indicadores co fin de establecer unha avaliación de todo o proceso son:

Relación entre obxectivos e contidos.

Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.

Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

Relación entre os contidos esixidos e as actividades de avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión deberemos recompilar diversa información sobre cada grupo:

O número de alumnos e alumnas.

O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

As fortalezas que se identifican en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares e aos aspectos competenciais; e os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

As necesidades que se puidesen identificar; durante esta fase cómpre pensar en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).

Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.

Os tipos de recursos que se necesitan adaptar para obter un logro óptimo do grupo.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con NE, con AACC; pero tamén aquel que requira atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.

Saber as medidas organizativas a adoptar: planificación de reforzos, espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.

Establecer as medidas curriculares a adoptar e os recursos a empregar.

Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.

Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co/a titor/a.

Alumnado con TDAH

Seguindo as orientacións do Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativos e sanitarios, publicado pola Consellería de Educación, teremos en conta as seguintes estratexias:

Asegurarnos de que nos atende.

Utilizar frases curtas e claras.

Manter o contacto visual.

Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.

Utilizar estratexias de categorización.

Promover a súa participación con preguntas sinxelas.

Formularlle preguntas para asegurarse de que entende.

Proporcionarlle un sistema de titoría entre iguais para revisar os puntos fundamentais e que ao mesmo tempo poida axudar a estudantes con dificultades.

Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.

Facerlles probas breves e sinxelas.

Deixarlles máis tempo para a realización dos exames.

Alumnado con ALTAS CAPACIDADES

Despois da avaliación inicial, non consideramos tomar medidas extraordinarias. Seguiremos o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais, publicado pola Consellería de Educación.

Alumnado con EXENCIÓN

Consideramos fundamental a integración deste alumnado. Seguiremos a Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010 con relación á exención desta materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Linguaxe non sexista	X	X	X
ET.2 - A violencia machista	X	X	X
ET.3 - A ecoloxía, partindo da ecoloxía lingüística.	X		
ET.4 - A comprensión lectora	X	X	X
ET.5 - A expresión oral e escrita	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.6 - A comunicación audiovisual			X
ET.7 - A competencia dixital	X	X	X
ET.8 - O fomento do espírito crítico	X	X	X
ET.9 - A educación emocional e en valores	X	X	X
ET.10 - A creatividade	X	X	X

Observacións:

https://www.udc.es/es/oficinaigualdade/Ligazons-e-Recursos-de-Interese/linguaxe_non_sexista/

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a actividades culturais	Cine, teatro, concertos...	X	X	
Percorridos literarios	Rosalía de Castro (Padrón e Compostela)		X	
Percorridos literarios	Pondal (Ponteceso)			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuáronse os obxectivos e os contidos ás necesidades reais
Mantívose relación entre os contidos esixidos e as actividades de avaliación
Metodoloxía empregada
Adecuouse a metodoloxía ás necesidades reais
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Mantívoseo seguimento personalizado de todo o alumnado.
Empregouse unha metodoloxía variada e materiais diversos.

Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Estableceuse unha comunicación continuada con outros departamentos e grupos de traballo (EDLG, Club de lectura...)
Outros
Realizouse un cuestionario con Indicadores para avaliar a práctica docente (vid. descrición)

Descrición:
INDICADORES PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

SI/NON. Por que?

Os obxectivos marcados son axeitados ás capacidades e intereses do alumnado?

O alumnado ten claros os obxectivos?

As competencias foron traballadas, graduadas e desenvolvidas?

Os contidos foron adaptados ás peculiaridades do alumnado?

A metodoloxía é estimulante para o alumnado e eles a consideran axeitada?

Os materiais e recursos son axeitados?

Logramos a implicación das familias?

O equipo docente traballou coordinadamente e asumindo pautas compartidas?

As actividades foron axeitadas ás capacidades do alumnado?

A axuda prestada foi axustada ás necesidades do alumnado?

Temos dado a posibilidade de interactuar entre iguais

Tiveron cabida as iniciativas persoais do alumnado?

O desenvolvemento das actividades axustouse ao que se programou?

A organización dos espazos da aula favorece o traballo tanto individual como colectivo, así como o desenvolvemento de tarefas e metodoloxías diversas?

O uso das novas tecnoloxías foi axeitado tanto para o alumnado como para as explicacións e usos de recursos por parte do profesorado?

Os instrumentos para levar a cabo esta avaliación serán os seguintes:

Autorreflexión do profesorado sobre a súa práctica docente

Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación

Análise dos resultados académicos

Reunións de departamento, equipo docente e CCP

Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos.

Observación sistemática do alumno ou alumna e o seu rexistro persoal.

Análise das producións dos alumnos e alumnas: resumos, traballos de aplicación e síntese, caderno, textos escritos, producións orais..., etc.

Intercambios orais co alumnado: diálogos, entrevistas, postas en común, asembleas.

Probas específicas: obxectivas, abertas, exposición dun tema, resolución de exercicios.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior. Cumpriuse o prazo de entrega indicado normativamente.

A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

- Introducción.
- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para a superación da materia.
- Medidas de atención á diversidade.
- A concreción dos elementos transversais .
- As actividades complementarias.
- A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a praxe docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

Valorárase o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

Tamén se valorará se a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados estaban dando os resultados previstos.

En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

Analizouse se os mecanismos de información ás familias deron os resultados previstos e se foron útiles e adecuados.

Incluíse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Consegiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia...
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 0 a 10 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na última reunión do departamento didáctico recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso e serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión que celebre a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, hai que sinalar que tamén se fará o seguimento a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados